



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Anuncio aprobación provisional orzamento 2026

Na sesión plenaria celebrada o día 15 de xullo de 2026, o Pleno desta Corporación acordou aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2026, as bases para a súa execución así como o anexo de persoal.

O expediente exponse ao público na Secretaría-Intervención deste Concello polo prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan realizar as reclamacións que estimen oportunas.

Se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, o orzamento para o exercizo 2026 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril e art. 169.1 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Laxe, 16 de xullo de 2026.

O alcalde

Francisco Charlín Orons

2026/4788